




Confesión de María Balteira é o título dun texto dramático de Marica Campo que vén de presentar a Biblioteca Arquivo Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña, acompañado dun estudo preliminar de María Pilar García Negro. Recolle o texto unha recreación da peripécia vital dunha tal María Peres, mais coñecida como Balteira, e que foi soldadeira, amante de trovadores e xograres e habitante dos camiños na Galicia medieval. Dos cinco cadros en que se estrutura a peza cómpre salientar o primeiro, concibido como unha sorte de desafío entre a Igrexa e a propia Balteira, cadro no que un crego e a protagonista debaten arredor de dúas formas ben diferentes

na que coñecidos trovadores recuperan a súa voz para dialogar cunha compañeira que reclama a súa condición de suxeito fronte á visión, segundo a cal a muller non deixaba de ser un simple obxecto ora amado ora desprezado. Un texto cun valor histórico indubidable que no seu día serviu para a creación dun espectáculo homónimo dirixido por Tareixa Campo e realizado polo grupo Achádego.

Da mesma colección, recibimos un volume co que se inicia a serie “Documenta”, pensada para promover a divulgación de fontes documentais relacionadas coa historia do teatro. Para iniciar a serie, dirixida polo profesor Manuel

Ferreiro, escolleuse unha selección de traballos só o título de *Documentos para a Historia do Teatro Galego (1919-1924)*, sendo Silvana Castro García a responsable da edición dun volume que vai precedido dunha introdución de Laura Tato Fontaíña. Destacan varios artigos relacionados coa posta en marcha do Conservatorio Nazonal do Arte Galego, á fronte do que Antón Villar Ponte situou a Fernando Oso-rio Docampo, autor dun artigo, titulado “Paradoxo”, que aínda hoxe ten considerable valor. Similar interese teñen os traballos de Leandro Carré Alvarellos, en particular os asinados como Ramón Alavariño, unha sorte de pequeno manual de declamación editado

de las Casas, traballos cos que se acaba de conformar un volume moi útil e sumamente oportuno para termos unha idea aproximada dos presupostos sobre os que, na época das Irmandades, se tentaba construír un teatro nacional e unha literatura dramática que lle servise de soporte.

Finalmente, cómpre destacar a presentación de *Final de película*, un texto dramático co que Gustavo Pernas Cora acadou o Premio Rafael Dieste na edición de 2005. Unha peza na que se recrea unha desas situacións límite, pero sempre posibles, nas que un fato de personaxes se ven impelidos a tomar cursos de conduta que finalmente acaban por tirarlles as máscaras coas que se converten en transeúntes da vida. O argumento é sinxelo, mais provocador. Os personaxes, seres solitarios e derrotados, asisten á proxección dunha película subtitulada nunha pequena sala de cine na que traballa un acomodador cego. Hai un momento en que a cámara de proxección deixa de funcionar, e os personaxes anónimos ven-se obrigados a cruzar catro palabras, e coas palabras aparecen as máscaras, os complexos, as frustracións e as realidades íntimas de cada quen. As miserias, na fin. E así imos descubrindo as similitudes entre a película que se proxecta na pantalla e a que os espectadores daquel cine van fiando cos seus diálogos e accións; descubrimos, en suma, que a realidade sempre acaba por superar á ficción. O espectáculo foi estreado hai pouco pola compañía Áncora Producións, con dirección do propio Gustavo Pernas, e neste momento percorre os teatros e auditorios de Galicia. Non deixen de velo.

Revista Galega de Teatro

Chega ás nosas mans un novo número da *Revista Galega de Teatro*, o 46. Dentro del atopamos interesantes entrevistas con Ánxeles Cuña, directora que foi do Centro Dramático Galego, con José Monleón, director da revista de teatro *Primer Acto*, con Carmen Werner, directora e coreógrafa de Provisional Danza ou con Rubén Ruibal, gañador da última edición do Premio Álvaro Cunqueiro cun texto titulado *Limpeza de sangue* onde se recrea o mundo da drogadicción, para o que tan poucas persoas queren mirar, mais que acaba por afectar a toda a comunidade. Unha entrevista na que o autor ofrece unha visión preocupante da creación dramática galega, que, en calquera momento, podería chegar ao peche por abandono.

Atopamos igualmente traballos sobre os máis variados temas asinados por Xosé Manuel Pazos, Daniel Salgado, Vanesa Sotelo, Ricardo Solveira ou Roberto Pascual, alén das habituais seccións dedicadas á crítica de espectáculos, con Inma López Silva, ou á presentación de novidades editoriais.

Neste número tamén se presenta un texto dramático de Afonso Becerra de Becerreá, o titulado *Rexurdimento. Visións dun cego*, prologado por Basilio Losada e catalogado polo autor como unha farsa aldeá; unha modalidade de farsa na que as coplas de cego se mesturan cos poemas de Rosalía, Curros ou Pondal. En efecto, o texto recrea as andanzas de Saturio, un cego trobeiro, e de Cirilo, o seu axudante, que nalgún momento da súa azarosa existencia soñan coa posibilidade de trocar o seu repertorio e introducir no mesmo poemas, cantigas e coplas escritas por aquelas xentes de letras que alentaron o rexurdimento da nosa literatura culta. Un divertimento cheo de humor e rexouba que, como sinala o propio autor, foi pensado e elaborado para un público que, pouco a pouco, vai desaparecendo, a medida que desaparecen as sociedades agrarias e as súas tradicións. O texto foi presentado como espectáculo en 2000, pola compañía Nove e Dous, do Carballiño, con dirección do autor.

Escena en movemento

de entender a existencia, aquela que nega a vida e aquela que a afirma desde o máis radical carpe diem. Con todo, a Balteira reconece finalmente que a súa foi unha vida de pecado, o que acaba por poñer en cuestión esa dimensión pracenteira da existencia que semella constituír a mensaxe central da peza. Tamén ten interese a escena

Da Balteira e doutras novas



MANUEL F. VIEITES

en *A Nosa Terra* en 1922, ou aquela conferencia titulada “A moderna orientación do teatro galego” que supoñía unha defensa do teatro rexionalista.

Tampouco debemos esquecer os traballos sempre cheos de suxestións de Antón Villar Ponte, ou as achegas de Vicente Risco ou Álvaro María